



CIRCULAR 1/2010 SOBRE A BASE DE DATOS DE TERCEIROS

Dado o tempo transcorrido e as modificacións xurdidas durante este tempo en relación coas altas, as modificacións e as baixas na base de datos de terceiros do sistema informático UNIVERSITAS XXI-ECONÓMICO, desde a publicación con data do 27/01/2005 da Circular 1/2005 sobre a base de datos de terceiros, e tendo presente a incidencia que na xestión das bases de datos de terceiros ten a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, considérase necesario elaborar unha nova circular referida aos anexos que hai que cubrir.

Toda alta ou modificación na base de datos de terceiros deberá formalizarse mediante algún dos seguintes anexos.

O anexo I será o impreso de carácter xeral para a formalización de trámites de alta na base de datos de terceiros desta universidade, en tanto que os restantes –anexos II, III, IV e V– terán o carácter de específicos segundo as características particulares de cada suposto.

ANEXO I. *Solicitud de pagamento por transferencia e modificación de datos persoais e/ou bancarios*

1. En todas as altas e modificacións será necesario achegar a fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte da persoa interesada e, se for o caso, da persoa que o/a representa. No suposto de persoa xurídica, haberá que achegar a fotocopia do CIF dela e a do NIF da persoa que a representa.
2. A Axencia Tributaria esixe que todas as persoas con documento de identificación de estranxeiro (NIE) estean dadas de alta, na Axencia Tributaria, a través do modelo fiscal 030 (*Declaración censual de alta no censo de obrigados tributarios, cambio de enderezo e/ou de variación de datos persoais*), circunstancia pola cal se solicita que a persoa que asine calquera dos anexos I, II, III e V declare que tramitou o devandito modelo fiscal.
3. As empresas que teñan a súa actividade empresarial incluída na listaxe do artigo 95.6 do Regulamento do IRPF (retención do 1%) deberán indicalo, segundo for o caso, na epígrafe III do anexo I ou na epígrafe II do anexo II (*"Declaración da actividade empresarial"*).
4. Os enderezos das persoas interesadas modifícanse con moita frecuencia, un feito que provoca continuas devolucións das cartas de comunicación dos pagamentos. Por este



motivo, a epígrafe I “Datos da persoa física ou xurídica acreedora” será obrigatoria para tramitar calquera alta e/ou modificación na base de datos de terceiros.

5. Coa finalidade de evitar posibles devolucións de pagamentos, cada provedor (persoa física/xurídica) terá como referencia só unha conta bancaria, polo que no suposto de que ao dar de alta unha nova conta bancaria xa exista previamente outra na base de datos de terceiros, esta última quedará anulada, de tal xeito que ficará como única conta operativa para os pagamentos a nova conta que se dea de alta.
6. No suposto de baixa de datos bancarios existentes, deberá indicarse na epígrafe III “Baixa de datos bancarios”.
7. Deberá prestárselle especial atención á epígrafe IV (“Alta de datos bancarios”) e á súa certificación formal pola entidade financeira.

ANEXO II. Solicitude de pagamento por transferencia e modificación de datos persoais e/ou bancarios (tramitación especial)

No suposto de persoas físicas que impartiren conferencias, asistiren a tribunais de prazas ou teses de doutoramento e outras actividades específicas non habituais, poderase tramitar a súa alta e/ou modificación na base de datos de terceiros mediante este anexo II. Neste caso, quedará como persoa responsable dos datos que se facilitaren do acredor ou acreedora a persoa, vinculada á Universidade, que fose responsable da actividade que motive a súa tramitación ou a persoa encargada da súa tramitación económica, que deberá asinar este impreso.

Este anexo II tamén será utilizado na base de datos de terceiros para aqueles provedores que só necesiten dar de alta ou modificar os seus datos persoais, coa finalidade de elaborar o documento contable AD.

ANEXO III. Solicitude de altas de terceiros (ingresos)

Este anexo terá como finalidade dar só de alta na base de datos de terceiros as persoas físicas e xurídicas que efectúen ingresos a esta universidade por distintos conceptos.

ANEXO IV. Ficha de identificación financeira de non residentes

Este anexo corresponde ao que se inclúe na “Instrución de pagamentos ao exterior” (http://www.udc.es/xerencia/ga/normativa/documentos/pagam_exterior.pdf) aprobada con data do 01/02/2008 e modificada con data do 24/07/2009 como anexo VI.



ANEXO V. Devolución de prezos públicos

Coa finalidade de simplificar a alta na base de datos terceiros dos expedientes de devolución de prezos públicos elabórase este anexo que deberá acompañarse a toda solicitude deste tipo.

1. En todas as altas será necesario achegar a fotocopia do NIF ou NIE.
2. Deberá prestárselle especial atención á epígrafe II "Datos bancarios" en que a persoa titular ou beneficiaria da conta deberá ser o alumno ou alumna.

Todos os anexos remitiránselle á Xerencia da Universidade e incorporaranse á base de datos de terceiros pola Sección de Contabilidade (Servizo de Xestión Financeira).

As solicitudes de alta/modificación que non se formalizaren nestes modelos non se tramitarán e devolveranse á súa procedencia.

Por razóns de urxencia poderanse enviar os modelos ao seguinte correo electrónico: contabilidade@udc.es, e, seguidamente, remitir os orixinais por correo interno.

A partir da publicación desta circular queda sen efecto a Circular 1/2005 sobre a base de datos de terceiros.

A Coruña, 25 de marzo de 2010

A vicexerente
P.O. (Resolución 16/06/2009)



M.ª Jesús Grela Barreiro

O vicerreitor de Estratexia
e Planificación Económica



Ángel Fernández Castro



UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF: Q 6550005 J Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña	SOLICITUDE DE PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA E MODIFICACIÓN DE DATOS PERSOAIS E/OU BANCARIOS ⁽¹⁾
--	---

I. DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA AGREDORA

NIF/NIE/CIF: ⁽²⁾								ALTA FISCAL PARA NOVOS RESIDENTES (NIE)							
								☐ Declaro estar dado/a de alta no modelo fiscal 030 (NIE) ⁽³⁾							
Nome e apelidos ou denominación social:															
Enderezo fiscal:															
Municipio:								Provincia:				Código Postal:			
Teléfono fixo:				Móbil:				Correo electrónico:							

II. DATOS DO/A REPRESENTANTE

NIF: ⁽²⁾								Nome e apelidos:							

III. DECLARACIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL

☐ Declaro que a miña actividade empresarial está incluída na listaxe do artigo 95.6 do Regulamento do IRPF (retención do 1%) o cal se reflectirá na facturación que emita para a Universidade da Coruña.

IV. BAIXA DE DATOS BANCARIOS

Código da entidade:	Código da sucursal:	D.C.:	Número da conta:

V. ALTA DE DATOS BANCARIOS

Código da entidade:	Código da sucursal:	D.C.:	Número da conta:

CONSTANCIA DA ENTIDADE BANCARIA ⁽⁴⁾

Certifico a existencia da conta que se referencia en "V. Alta de datos bancarios" aberta a nome da persoa titular que se reflicte en "I. Datos da persoa física ou xurídica acreedora".

O/A apoderado/a

(SELO)

Asdo.:

....., de de.....

Asdo.:

ALTA/MODIFICACIÓN

A Coruña,de.....de.....
Sección de Contabilidade

XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- (1) Calquera modificación posterior destes datos deberá formalizarse mediante un novo impreso.
- (2) Achéguese unha fotocopia do documento correspondente.
- (3) Achéguese, se proceder, unha fotocopia do modelo fiscal 030.
- (4) Esta constancia debe ser asinada polo banco ou caixa de aforros, ou achegar unha certificación en documento á parte do propio banco ou caixa.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF: Q 6550005 J Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña	SOLICITUDE DE PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA E MODIFICACIÓN DE DATOS PERSOAIS E/OU BANCARIOS ⁽¹⁾ (TRAMITACIÓN ESPECIAL)
--	---

I. DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA ACREDORA									
NIF/NIE/CIF: ⁽²⁾								ALTA FISCAL PARA NOVOS RESIDENTES (NIE)	
								☐ Declaro estar dado/a de alta no modelo fiscal 030 (NIE) ⁽³⁾	
Nome e apelidos ou denominación social:									
Enderezo fiscal:									
Municipio:					Provincia:			Código Postal:	
Teléfono fixo:			Móbil:			Correo electrónico:			

II. DECLARACIÓN DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL
☐ Declaro que a miña actividade empresarial está incluída na listaxe do artigo 95.6 do Regulamento do IRPF (retención do 1%) o cal se reflectirá na facturación que emita para a Universidade da Coruña.

III. BAIXA DE DATOS BANCARIOS									
Código da entidade:		Código da sucursal:		D.C.:		Número da conta:			

IV. ALTA DE DATOS BANCARIOS									
Código da entidade:		Código da sucursal:		D.C.:		Número da conta:			

V. CONSTANCIA DA PERSOA RESPONSABLE									
En calidade de responsable da actividade que motiva a tramitación deste ANEXO II, ou como persoa responsable da tramitación económica, fago constar que os datos que se relacionan anteriormente corresponden á persoa física ou xurídica acreedora.									
Nome e apelidos:									
Unidade administrativa de destino:							Extensión:		
..... de de.....									
Asdo.:									

ALTA/MODIFICACIÓN A Coruña,.....de.....de..... Sección de Contabilidade

XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- (1) Calquera modificación posterior destes datos deberá formalizarse mediante un novo impreso.
(2) Achéguese unha fotocopia do documento correspondente.
(3) Achéguese, se proceder, unha fotocopia do modelo fiscal 030.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF: Q 6550005 J Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña	SOLICITUDE DE ALTA DE TERCEIROS⁽¹⁾ (INGRESOS)
--	---

I. DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA ACREDORA									
NIF/NIE/CIF: ⁽²⁾								Nome e apelidos ou denominación social:	
Enderezo fiscal:									
Municipio:					Provincia:			Código Postal:	
Teléfono fixo:		Móbil:			Correo electrónico:				

II. CONSTANCIA DA PERSOA RESPONSABLE	
En calidade de responsable da actividade que motiva a tramitación deste ANEXO III, ou como persoa responsable da tramitación económica, fago constar que os datos que se relacionan anteriormente corresponden á persoa física ou xurídica acreedora.	
Nome e apelidos:	
Unidade administrativa de destino:	Extensión:
....., de de..... Asdo.:	

ALTA/MODIFICACIÓN

A Coruña,.....de.....de.... Sección de Contabilidade

XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(1) Calquera modificación posterior destes datos deberá formalizarse mediante un novo impreso.

(2) Achéguese unha fotocopia do documento correspondente.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
CIF: Q 6550005 J
Rúa da Maestranza, 9
15001 A Coruña

FICHA DE IDENTIFICACIÓN FINANCEIRA DE
NON RESIDENTES

I. TIPO DE MOVEMENTO (TYPE OF MOVEMENT)

☐ Alta de terceiro (Discharge of third party) ☐ Modificación de datos de terceiro (Modification of information)

II. DATOS PERSOAIS/PERSONAL DETAILS

Apelidos/Surname _____ Nome/Name _____

DNI ou pasaporte/ID Card or Passport/VAT ⁽¹⁾ _____

Nome da empresa/Company Name _____

Enderezo/Address _____ N.º _____ Andar/Flat _____

Poboación/City _____ Provincia/Province _____

Código postal/Postal Code _____ País/Country _____

Correo electrónico/E-Mail Address _____

Conforme "O terceiro"/Agreed "The Signatory"

Data/Date

Sinatura/Signature

III. DATOS BANCARIOS/BANK ACCOUNT DETAILS ⁽²⁾

Entidade bancaria/Bank _____

Código da entidade/Bank Code ⁽³⁾ _____ N.º de conta/Account Number _____

Enderezo da sucursal/Branch Address _____

Código IBAN/IBAN Code ⁽⁴⁾ _____

(1) Achéguese a fotocopia do documento correspondente.

(1) Attach corresponding document photocopy.

(2) Achéguese a copia do documento de datos bancarios.

(2) Attach bank details document copy.

(3) SWIFT CODE (BIC); SORT CODE (United Kingdom and Ireland); BLZ (Germany); ABI CAB (Italy); ABA ROUTING (EE.UU.).

(4) Cúbrase unicamente se a conta bancaria declarada está aberta nun país da Unión Europea.

(4) To be complete only if the bank account is opened in a country of the European Union.

En calidade de responsable da actividade que motiva a tramitación deste anexo IV, fago constar que os datos que se relacionan anteriormente corresponden á persoa acreedora.

Nome e apelidos da persoa responsable: _____

....., dede

Asdo.:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA CIF: Q 6550005 J Rúa da Maestranza, 9 15001 A Coruña	DEVOLUCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS
--	-------------------------------

I. DATOS PERSOAIS									
NIF/NIE: ⁽¹⁾								ALTA FISCAL PARA NOVOS RESIDENTES (NIE)	
								☐ Declaro estar dado/a de alta no modelo fiscal 030 (NIE) ⁽²⁾	
Nome e apelidos:									
Enderezo:								Municipio:	
Provincia:						Código postal:		Teléfono fixo:	
Móbil:		Correo electrónico:							

II. DATOS BANCARIOS									
Entidade financeira:									
Titular da c/c: ⁽³⁾									
Código da entidade:		Código da sucursal:		D.C.:		Número da conta:			

III. CONSTANCIA									
Declaro que todos os datos anteriormente relacionados son verdadeiros:									
..... de de.....									
Asdo.:									

ALTA/MODIFICACIÓN

A Coruña,.....de.....de.....
Sección de Contabilidade

XERENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

(1) Achéguese unha fotocopia do documento correspondente.

(2) Achéguese, se proceder, unha fotocopia do modelo fiscal 030.

(3) A persoa titular ou beneficiaria da conta deberá ser o alumno ou alumna.